

Problema0207: Explica se as leis das reaccións químicas xustifican un modelo de materia continuo ou discontinuo. Indica algunha reacción que exemplifique a túa opinión.

A lei de conservación da masa de Lavoisier é compatible cun modelo continuo ou cun modelo discontinuo da materia, só require que a materia non se cre nin se destrúa nas reaccións químicas. Pero a lei das proporcións definidas de Proust só é compatible cun modelo de materia discontinua. Se, por exemplo, o hidróxeno só se pode combinar en certa proporción co osíxeno, e se temos un exceso de hidróxeno aparécenos nos produtos, ou si o exceso é de osíxeno aparécenos tamén nos produtos, estes feitos só son comprensibles supoñendo que a materia é discontinua, como as pezas dun LEGO. Haberá que ter un determinado número de pezas de hidróxeno que se unan cun determinado número de pezas de osíxeno, si sobran pezas aparecen ao final. Se a materia fose continua nada impediría que se combinase en calquera proporción.

